



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Conforme ao establecido no artigo 38 e concordantes do Real Decreto 2568/1996 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais procédese á publicación dos acordos adoptados polo Pleno do Concello de Carballedo na sesión organizativa celebrada con data 24 de xuño de 2019, e das Resolucións de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias de Alcaldía nesta última, ditadas con posterioridade a dita sesión plenaria.

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Co obxecto de dar o debido cumprimento ao sinalado no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e art. 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre sinalamento dos días e hora en que haberá que celebrar as súas sesións ordinarias a Corporación en Pleno, esta Alcaldía, dando cumprimento ó sinalado nos preceptos citados, propón ao Concello en Pleno, a aprobación, se procede, da seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello en Pleno celebrará sesións ordinarias no salón de Plenos da Casa Consistorial cada tres meses, concretamente o último xoves dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro de cada ano, ás 20:00 horas. Si coincidirá en día festivo, o Pleno celebrárase o inmediato hábil, á mesma hora.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, a variar xustificadamente a data de celebración da sesión ordinaria, adelantando ou retrasando a hora de celebración.

En-Carballedo, 18 de xuño de 2019.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dos 11 concelleiros que a compoñen) .

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Ao abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración de Galicia, no seu artigo 59 e o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, nos seus artigos 123 e seguintes, estímase procedente a constitución, determinación da composición e funcionamento das Comisións Informativas de carácter permanente deste Concello así como da **COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**, órgano complementario de existencia preceptiva ao abeiro do disposto no artigo 127 do ROF.

Á vista do exposto, proponse ao Pleno, a adopción, se procede dos seguintes ACORDOS:

Primeiro. Crear a Comisión Especial de Contas, por vir así esixida legalmente.

Segundo. Á vista das circunstancias concorrentes neste Concello, crear unha **COMISIÓN INFORMATIVA, denominada de ASUNTOS XERAIS**, que coñecerá e dictaminará todos aqueles asuntos que non sexan competencia da **ESPECIAL DE CONTAS**, e dos teña que coñecer o Pleno da Corporación Municipal, ou Xunta de Goberno Local no exercicio de competencias delegadas polo Pleno. Igualmente informará aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía, que sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

Terceiro. Que de acordo coa normativa aplicable, a composición das Comisións, será de **CINCO CONCELEIROS**, mais o Alcalde que ostentará a **Presidencia**, formando parte da **mesma 3 concelleiros do grupo do Partido Popular**, 1 do grupo do PS de G-PSOE, e 1 do grupo do BNG, debendo os portavoces dos

Grupos Políticos, facilitar, por escrito, os nomes dos compoñentes por eles designados para formar parte das dúas Comisións, pudiendo designarse suplente por cada titular.

En Carballedo, a 18 de xuño de 2019.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen) .

CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Ao abeiro do disposto no artigo 20.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración de Galicia, no seu artigo 59.2, e o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, no seu artigo 35.2d), a Xunta de Goberno Local, nos municipios con poboación de dereito inferior a cinco mil habitantes, existirá cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.

Pola súa banda conforme ao disposto no artigo 211 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o decida o Alcalde – Presidente.

Á vista do exposto, aos efectos de completar a estrutura organizativa municipal, e co obxecto de proporcionar unha maior participación dos concelleiros do grupo de goberno, ao abeiro do disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, proponse ao Pleno, se procede, a aprobación da seguinte Proposta:

Primeiro.- Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo, integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ó tercio do número legal de membros da corporación, que serán nomeados e separados libremente por aquel.

Segundo.- Asignar á Xunta de Goberno así creada as atribucións de asistir ó Alcalde no exercizo das súas funcións e aquelas competencias que a Alcaldía e/ou o mPleno lle deleguen.

Terceiro.- Establecer que a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria a segunda e a cuarta semana de cada mes, ás **14.00 horas do xoves**. No caso de xoves inhábil a Xunta de Goberno Local poderá celebrarse outro día da mesma semana así conveñido por unanimidade dos membros da Xunta.

En Carballedo, a 18 de xuño de 2019.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematados a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **MAIORÍA ABSOLUTA** dos membros presentes da Corporación Municipal, cos votos a favor dós membros do grupo do PP (8) e as abstencións do membro do grupo do PSdG-PSOE (1) e do membro do BNG (1).

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PROPOSTA DA ALCALDÍA

En aplicación do disposto na Lei de Bases do Réxime Local, Lei 7/85 de 2 de abril, artigos 22 e 47, Lei da Administración Local de Galicia, 5/97, artigo 64, propoño ao Pleno,

Delegar en Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

- O exercicio das accións xudiciais administrativas na defensa da Corporación, en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación de las operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do Presupuesto -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Ley Reguladora das Facendas Locais.
- As establecidas nos números dous e tres da Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014
- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no Orzamento.
- Informe sobre actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental
- As demais que expresamente lle confiran as Leis, e que sexan delegables de conformidade co disposto na Lexislación vixente.

Rematados a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **MAIORÍA ABSOLUTA** dos membros presentes da Corporación Municipal, cos votos a favor dós membros do grupo do PP (8) e as abstencións do membro do grupo do PSdG-PSOE (1) e do membro do BNG (1).

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA REFERIDAS NO ARTIGO 38.D) DO REAL DECRETO 2568/1986.

Polo Sr. Alcalde procédese a dar lectura ás Resolucións de Alcaldía correspondentes ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local, e delegacións de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

- NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE
- “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 20.1a), 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. De dito nomeamento darase conta ao Pleno, procedéndose a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia,

Á vista do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Carballedo aos seguintes Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste Concello:

- Primer Tenente de Alcalde: D^a MARIA JOSE VAZQUEZ PEREZ
- Segundo Tenente de Alcalde: D FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ GONZALEZ
- Terceiro Tenente de Alcalde: D PEGERTO GONZALEZ VAZQUEZ

Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, de conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

En Carballedo, a 19 de xuño de 2019.-O Alcalde.- Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

- NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 20.1b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos membros da Corporación, nomeados e separados libremente por aquél, dando conta ao Pleno.

Visto o disposto nos artigos 52, 53 e 112.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes Concelleiros/as:

- D^a MARIA JOSE VAZQUEZ PEREZ
- D FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ GONZALEZ
- D PEGERTO GONZALEZ VAZQUEZ

TERCEIRO. Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

En Carballedo, a 24 de xuño de 2019.-O Alcalde.- Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986 e artigo 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, o Alcalde poderá delegar as súas atribucións, salvo as referidas nos artigos 21.3 e 71 da Lei 7/1985 a favor da Xunta de Goberno Local, en canto órgano colegiado. As delegacións realzaranse mediante Decreto de Alcaldía con dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre e publicación no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do disposto nos artigos 44 e 45 do RD 2568/1986.

Á vista do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, coa excepción dos permisos referidos a festexos populares e acampadas cuio outorgamento sexa competencia da Alcaldía.

A disposición de gasto e aprobación de facturas de máis de 6.000,00€ que correspondan ao desenvolvemento ordinario dos orzamentos municipais, sen prexuízo do establecido nas Bases de Execución dos orzamentos municipais.

Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

A liquidación de toda clase de tributos e demais ingresos de dereito público locais, naqueles supostos nos que a realización do feito imponible estea estreita e inequivocamente vinculado coas competencias delegadas na Xunta de Goberno Local

A aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto

Salvo a contratación menor, as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de concesión de obras, de xestión de servizos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuales prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base da licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de contatos do Sector Público, non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a alienación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

Solicitudes de axudas e subvencións.

As demais que expresamente lle atribúan a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan outros órganos municipais.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarse no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

En Carballo, a 24 de xuño de 2019.-O Alcalde.- Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

REPRESENTACIÓN DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR , NO CONSORCIO LOCAL DE OS PEARES E NO CONSORCIO DE TURISMO DE A RIBEIRA SACRA

“PROPOSTA DA ALCALDIA

En cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, propónse ao Pleno, a aprobación se procede, da seguinte Proposta:

- Designar á concelleira D^a. FINA FERNANDEZ GONZALEZ representante do Concello de Carballo no Consello Escolar do Colexio Público Xosé Luis Taboada.
- Designar ó concelleiro D PLACIDO MANUEL NOVOA GONZALEZ representante do Concello de Carballo no Consorcio Local de Os Peares.
- Designar á concelleira D^a MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ PÉREZ representante do Concello de Carballo no Consorcio de Turismo de a Ribeira Sacra.

Carballo, 19 de xuño de 2019.-O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen) .

INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Visto o disposto no artigo 75 da Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 255.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que de conformidade co establecido no artigo 73.3 da LRBRL o Pleno da corporación, con cargo aos Presupostos anuais desta, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun

compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, se é o caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Presupostos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Visto, pola súa banda, sen prexuízo das modificacións que con carácter xeral poidan ser ditadas, que a percepción de indemnizacións por razón do servizo axustarase ao establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Vista a Orde EHA/3770/2005, da 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Veño a PROPOÑER, se procede a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Establecer que os membros da corporación que non desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial terán dereito a percibir as seguintes asignacións, nas condicións que se detallan:

ALCALDE:

- 500,00€ (QUINIENTOS EUROS) en concepto de indemnización pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que forme parte.

CONCELLEIROS:

- 100,00€ (CEN EUROS) en concepto de indemnización pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte.

CONDICIÓN:

- abono das cantidades devengadas farase previa liquidación aprobada pola Alcaldía e conforme á correspondente certificación emitida pola Secretaría Municipal.
- As cantidades acreditadas satisfaranse a título persoal a cada perceptor, previa a correspondente retención en concepto de IRPF, aplicándose a este fin a porcentaxe que cada concelleiro notifique, o que deberá facer no prazo de quince días contados desde a adopción do presente acordo

Segundo.- Asignar aos Grupos políticos Municipais as seguintes dotacións económicas:

- CEN EUROS MENSUAIS (100,00€) a cada Grupo Político
- CINCUENTA EUROS MENSUAIS (50€) por cada concelleiro integrante dos respectivos Grupos

Cada Grupo Político deberá facilitar á Tesourería Municipal o número de conta bancaria na que se farán os ingresos correspondentes.

Terceiro.- Establecer as seguintes indemnizacións por razón de servizo:

- Dieta por aloxamento: 102,56€
- Dieta por manutención: 53,34€
- Dieta entera: 155,90€

Importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo, prevista no artigo 18.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo:

- 0,19 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóbiles
- 0,078 euros polo de motocicletas.

En Carballo, a 19 de xuño de 2019.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco."

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen) .

O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1844

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2019

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 24 de maio de 2019, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2019. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Transcorrido sen reclamacións o período de información pública, queda elevado automaticamente a definitivo de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1.	Gastos de persoal	783.113,00
2.	Gastos en bens correntes e servizos	2.355.294,67
3.	Gastos financeiros	5.000,00
4.	Transferencias correntes	163.971,00
	B) Operacións de capital	
6.	Investimentos reais	1.930.675,00
7.	Transferencias de capital	0,00
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL GASTOS		5.238.053,67

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1.	Impostos directos	1.015.878,54
2.	Impostos indirectos	300.000,00
3.	Taxas e outros ingresos	516.100,00
4.	Transferencias correntes	1.854.856,97
5.	Ingresos patrimoniais	98.970,00
	B) Operacións de capital	
6.	Alleamento de inversións reais	19.404,00
7.	Transferencias de capital	1.432.844,16
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00

SUMA TOTAL INGRESOS	5.238.053,67
---------------------	--------------

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art. 127 do RDL:

CADRO DO PERSOAL. EJERCICIO 2019

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARRERA

DENOMINACION	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.-HABILITACION DE CARACTER ESTATAL			
1.1. Secretaria	1	0	A1
1.2. Interventora (agrupada con Outeiro de Rei)	1	0	A1
2.-ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
Administrativos	1	(func. Interina)	C1
Auxiliares administrativos	2	0	C2
Alguacil- Portera	1	0	E
Auxiliar Biblioteca, arquivo e documentación Biblioteca	1	(func. Interina)	C2
3.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico superior	1	(func. Interina)	A1

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Castro de Rei, 25 de xuño de 2019.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1845

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello , en sesión ordinaria celebrada ó día 13/05/2019 acordou aprobar inicialmente un suplemento de crédito 04/2019.

O expediente de suplemento de crédito someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 121 do 29 de maio do 2019. Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algunha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 04/2019 por importe de 64.745,07 €

	Capítulos	Previsións 2019	Modificacións	Previsións definitivas
1	Impostos Directos	2.487.754,40		2.487.754,40
2	Impostos Indirectos	70,000,00		70,000,00
3	Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos	662.178,73		662.178,73

4	Transferencias correntes	2.907.434,38		2.907.434,38
5	Ingresos Patrimoniais	6.308,06		6.308,06
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	482.256,56		482.256,56
8	Activos financeiros	1.090.640,18	64.745,07	1.155.385,25
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	TOTAL	7.706.572,31	64.745,07	7.771.317,38

	Capítulos	Créditos 2019	Modificacións	Previsións definitivas
1	Gastos de Persoal	2.958.173,35	0,00	2.958.173,35
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.850.991,26	0,00	2.850.991,26
3	Gastos financeiros	16.570,21	0,00	16.570,21
4	Transferencias correntes	278.938,84	0,00	278.938,84
6	Investimentos Reais	893.952,83	64.745,07	958.697,90
7	Transferencias de Capital	114.744,11	0,00	114.744,11
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	593.201,71	0,00	593.201,71
	TOTAL	7.706.572,31	64.745,07	7.771.317,38

Chantada, 25 de xuño do 2019.-O Alcalde, Manue L.Varela Rodriguez.

R. 1846

COSPEITO

Anuncio

Convocatoria para a elección de xuíz de paz substituto. Concello de Cospeito.

Conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, o concello de Cospeito, fai pública a convocatoria para a elección de xuíz de paz substituo, que será resolta polo Pleno corporativo.

- Obxecto: Elección de xuíz de paz substituto do Concello de Cospeito.

- Condicións legais que deben reunir os interesados:

-Ser español/a, maior de idade, e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

- Incompatibilidades: as causas de incompatibilidade previstas nos artigos 389 e seguintes da Lei Orgánica do Poder Xudicial, operan con posterioridade ó nomeamento mediante opción que efectúe o nomeado. O exercicio de actividades profesionais ou mercantis non constitúe causa de incompatibilidade.

- Plazo de presentación de solicitudes: quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da Provincia.

- Documentación que debe de acompañar á solicitude:

a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

b) Declaración responsable relativa aos seguintes extremos:

- Ser español/a, maior de idade, e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (Non estar impedido/a física ou psíquicamente para a función xudicial, non ter sido condeado/a por delito doloso (ou ter obtido, en caso contrario, a rehabilitación), non estar procesado/a o inculcado/a por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobreseemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís).

- Aínda non sendo licenciado/a en Dereito, reunir os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na Carreira Xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.

- Compromiso de residir no municipio de Cospeito, no seu caso, durante o desempeño das súas funcións e salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

- Non pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo deles mesmos durante o desempeño das súas funcións, no seu caso.

- Declaración relativa á profesión actual da persoa interesada.

- Xustificación dos méritos que alegue (estudos e experiencia laboral-relacionada co cargo pretendido- e, no caso de ser avogado/a en exercicio, o compromiso expreso de abandonar o exercicio se fose nomeado).

Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Xeral do concello de Cospeito ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, po Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cospeito, 24 de xuño de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1847

Anuncio

Convocatoria para a elección de xuíz de paz titular. Concello de Cospeito.

Conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, o concello de Cospeito, fai pública a convocatoria para a elección de xuíz de paz titular, que será resolta polo Pleno corporativo.

- Obxecto: Elección de xuíz de paz titular do Concello de Cospeito.

- Condicións legais que deben reunir os interesados:

-Ser español/a, maior de idade, e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

- Incompatibilidades: as causas de incompatibilidade previstas nos artigos 389 e seguintes da Lei Orgánica do Poder Xudicial, operan con posterioridade ó nomeamento mediante opción que efectúe o nomeado. O exercicio de actividades profesionais ou mercantis non constitúe causa de incompatibilidade.

- Plazo de presentación de solicitudes: quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da Provincia.

- Documentación que debe de acompañar á solicitude:

a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

b) Declaración responsable relativa aos seguintes extremos:

- Ser español/a, maior de idade, e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (Non estar impedido/a física ou psíquicamente para a función xudicial, non ter sido condeado/a por delito doloso (ou ter obtido, en caso contrario, a rehabilitación), non estar procesado/a o inculcado/a por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobreseemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís).

- Aínda non sendo licenciado/a en Dereito, reunir os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na Carreira Xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.
- Compromiso de residir no municipio de Cospeito, no seu caso, durante o desempeño das súas funcións e salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Non pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo deles mesmos durante o desempeño das súas funcións, no seu caso.
- Declaración relativa á profesión actual da persoa interesada.
- Xustificación dos méritos que alegue (estudos e experiencia laboral-relacionada co cargo pretendido- e, no caso de ser avogado/a en exercicio, o compromiso expreso de abandonar o exercicio se fose nomeado).

Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Xeral do concello de Cospeito ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, po Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cospeito, 24 de xuño de 2019.-O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1848

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 01.04.2019, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2019 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 178.90 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 288,24 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 01 de abril de 2019.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1849

QUIROGA

Anuncio

De acordo co disposto no artigo 38 d) do RD 2568/1986 ,do 28 de novembro, faise público o Decreto de Alcaldía de 17/06/2019, relativo ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, que na súa parte dispositiva establece:

Visto o sinalado no artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro:

“4.Los nombramientos y ceses serán adoptados con las formalidades prescritas en el número primero del artículo 46 de este Reglamento.”

Visto o sinalado no artigo 38 d) do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro:

“Dentro de los treinta días siguientes al de la sesión constitutiva, el Alcalde convocará la sesión o sesiones extraordinarias del Pleno de la Corporación que sean precisas, a fin de resolver sobre los siguientes puntos:

(.....)

d.- Conocimiento de las resoluciones del Alcalde en materia de nombramientos de Tenientes de Alcalde, miembros de la Comisión (Junta) de Gobierno, se debe existir, y Presidentes de las Comisiones Informativas, así como de las delegaciones que la alcaldía estime oportuno conferir.”

RESOLVO:

1. Nomear membros da Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, ós tres concelleiros, (número non superior ó tercio do número legal dos mesmos), que a continuación se indican:

- **Dona Ana María Núñez García**

- **Don JoséÁngel Rodríguez Raposo**

- Dona María Dolores Sánchez Durán

2. A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións, sen prexuízo de que por razóns de urxencia ou por necesidade da xestión municipal, podan ser exercidas polo Alcalde, dando conta a Xunta de Goberno Local no menor tempo posible:
 - 2.1. A asistencia permanente do Sr. Alcalde no exercicio das súas atribucións.
 - 2.2. As atribucións que esta Alcaldía delega de forma expresa e que a continuación se detallan:
 - 2.2.1. Dispoñer de gastos, dende 901,52 euros ata o límite da súa competencia.
 - 2.2.2. Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servizos e obras municipais.
 - 2.2.3. As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non exceda o 10% dos recursos ordinarios do seu orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre co importe acumulado de tódalas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, conforme o procedemento legalmente establecido.
 - 2.2.4. Adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos:
 - 2.2.4.1. A de bens inmobles, sempre que estea prevista no orzamento.
 - 2.2.4.2. A de bens mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico dos que non estea previsto o seu alleamento no orzamento municipal.
 - 2.3. Outorgar as licencias que sexan competencia da Alcaldía.
 - 2.4. A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como instrumentos de Xestión Urbanística e proxectos de urbanización.
 - 2.5. As demais que expresamente lle atribúan as leis ao Alcalde, e aquelas que a lexislación do Estado e das CC.AA asignen ó Municipio e non atribúan expresamente a outros órganos municipais.
3. A Xunta de Goberno Local celebra sesión constitutiva o próximo 21 de xuño de 2019, de conformidade co disposto no art. 112.1 do R.O.F., tendo as sesións ordinarias periodicidade semanal, celebrándose o venres de cada semana.

Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente.

Quiroga, 17 de xuño de 2019.- Julio Álvarez Núñez.

Quiroga, 24 de xuño de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

EDICTO

De acordo co disposto no artigo 38 d) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, faise público o Decreto de Alcaldía de 17/06/2019, relativo ao nomeamento de Tenentes de Alcalde, que na súa parte dispositiva establece:

Visto o sinalado no artigo 46.1 e 2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro:

“1. Los Tenientes de Alcalde serán libremente nombrados y cesados por el Alcalde de entre los miembros de la Comisión de Gobierno y, donde ésta no exista, de entre los concejales.

Los nombramientos y los ceses se harán mediante resolución del Alcalde de la que se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que celebre, notificándose, además, personalmente a los designados, y se publicarán en el Boletín Oficial de la provincia, sin perjuicio de su efectividad desde el día siguiente de la firma de la resolución por el Alcalde, si en ella no se dispusiera otra cosa.

2. En los Municipios con Comisión (Junta) de Gobierno el número de Tenientes de Alcalde no podrá exceder del número de miembros de aquélla.”

Visto o sinalado no artigo 62 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no artigo 38 d) do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

RESOLVO:

Nomear Tenentes de Alcalde ós seguintes Concelleiros:

Primeira Tenente de Alcalde: Dona Ana María Núñez García

Segundo Tenente de Alcalde: Don JoséÁngel Rodríguez Raposo

Terceira Tenente de Alcalde: Dona María Dolores Sánchez Durán

Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ó Alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución conforme se indica na vixente lexislación.

Quiroga 17 de xuño de 2019.- Julio Álvarez Núñez

Quiroga, 24 de xuño de 2019.- O ALCALDE, JulioÁlvarez Núñez-

EDICTO

De acordo co disposto no artigo 38 d) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, faise público o Decreto de Alcaldía de 17/06/2019, relativo a Delegacións, que na súa parte dispositiva establece:

Visto o sinalado no artigo 38 d) do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro:

“Dentro de los treinta días siguientes al de la sesión constitutiva, el Alcalde convocará la sesión o sesiones extraordinarias del Pleno de la Corporación que sean precisas, a fin de resolver sobre los siguientes puntos:

(.....)

d.- Conocimiento de las resoluciones del Alcalde en materia de nombramientos de Tenientes de Alcalde, miembros de la Comisión de Gobierno, si debe existir, y Presidentes de las comisiones informativas, así como de las delegaciones que la alcaldía estime oportuno conferir.”

Visto o sinalado no artigo. 43 e 44.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

1. Sen prexuízo das delegacións e atribucións na Xunta de Goberno Local, efectuar as delegacións que a continuación se indican:

Servizos básicos e atención ao cidadán	Don JoséEnríquez Álvarez
Benestar e Igualdade	Dona Ana María Núñez García
Deportes e piscinas	Don Andrés Novoa Arza
Xuventude e Terceira Idade	Dona Ana Lucía Nogueira Marcos
Cultura, Eventose Turismo	Don José Luís Rivera Castro
Educación e infancia	Dona María Dolores Sánchez Durán
Medio Rural	Don JoséÁngel Rodríguez Raposo

As devanditas delegacións abarcan a facultade de dirección dos servizos, así como a súa xestión e a sinatura de documentos para todos aqueles asuntos, dentro das áreas das súas respectivas competencias, que vaian a producir efectos fronte a terceiros, quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, salvo que para casos concretos se realice a oportuna delegación específica.

2. Delegar nos membros da Xunta de Goberno Local a sinatura para os asuntos urxentes que non afecten a facenda municipal.

3. Delegar, en caso de ausencia ou enfermidade, nos Tenentes de Alcalde a competencia para a celebración de matrimonios civís conforme ó artigo 58 do Código Civil, ata a renovación da Corporación.

4. Autorizar a sinatura dos visto e praxe que deban incluírse nas certificacións emitidas polos funcionarios municipais, aos seguintes Concelleiros:

- Membros da Xunta de Goberno Local.
- Concelleira/o de Servizos básicos e atención ao cidadán.
- Concelleira/o de Deportes e piscinas.
- Concelleira/o de Xuventude e Terceira Idade.

5. Delegar a Presidencia da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno na Concelleira Dona Ana Lucía Nogueira Marcos, sen prexuízo de que dita función poida ser asumida pola propia Alcaldía.

6. Delegar a Presidencia da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas no Concelleiro Don JoséLuisRivera Castro, sen prexuízo de que dita función poida ser asumida pola propia Alcaldía.

7. Delegar a Presidencia da Comisión Informativa Especial de Seguimento de Servizos Sociais na Concelleira Dona Ana María Núñez García, sen prexuízo de que dita función poida ser asumida pola propia Alcaldía.

Da presente resolución, que será notificada ós interesados e publicada no BOP, darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Quiroga, 17 de xuño de 2019.- Julio Álvarez Núñez.

Quiroga, 24 de xuño de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 1850

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2019, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun xefe de brigada, un peón-conductor e tres peóns forestais para formar a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2019 do Concello de Ribeira de Piquín, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 28 de xuño de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1908

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 21 de xuño de 2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio de 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de

constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 21 de xuño do 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1851

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D/D a SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en fecha 21/06/2019, en el proceso seguido a instancia de MARGARITA ELENA GÓMEZ AYALA contra MARÍA BELÉN CABANA BODENLLE, en materia de reclamación de cantidad, registrado con el n.º 912/2018 se ha acordado citar a MARÍA BELÉN CABANA BODENLLE con último domicilio conocido en Rúa Castelao n.º 55, B, DC, Lugo, en ignorado paradero actualmente, a fin de que comparezca el día 1 de diciembre de 2020, a las 10:00 horas al acto de conciliación, y a las 10:10 horas al acto de juicio, que tendrán lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 2 sito en C/ ARMANDO DURAN N.º 1, LUGO debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo se ha acordado citar para su asistencia al acto del juicio a MARIA BELÉN CABANA BODENLLE a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte a los destinatarios que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a MARIA BELÉN CABANA BODENLLE, se expide la presente cédula para su publicación en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, y colocación en el tablón de anuncios. En LUGO, a veintiuno de junio de dos mil diecinueve.

EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 1852
